



DATOS IDENTIFICATIVOS

Mediación Lingüística

Materia	Mediación Lingüística			
Código	V01M126V01215			
Titulación	Máster Universitario en Lingüística Aplicada			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OP	1	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Sánchez Trigo, María Elena			
Profesorado	Sánchez Trigo, María Elena			
Correo-e	etrigo@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A finalidade desta materia é: 1) presentar as nocións básicas que configuran a tradución como unha actividade especial dentro da mediación, cunhas características diferenciadas e cuns medios de análises e contidos propios 2) analizar algúns casos concretos de mediación no ámbito hispánico desde o punto de vista diacrónico.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
A2	Que os/as estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A3	Que os/as estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A4	Que os/as estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
A5	Que os/as estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B1	Capacitación dos estudantes para que adquiran coñecementos lingüísticos especializados e habilidades para analizar criticamente as propostas máis relevantes no ámbito dos estudos lingüísticos.
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan aos estudantes acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B3	Capacidade dos/as estudantes no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos, así como indicar a súa utilidade na práctica profesional e investigadora.
B4	Capacidade dos/as estudantes para abrir vías de investigación novidasas no ámbito dos estudos lingüísticos, dotándoas de aplicación práctica para a súa transferencia a distintos ámbitos profesionais
B5	Capacidade dos/as estudantes para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o máster
C7	Capacidade para aplicar os coñecementos lingüísticos adquiridos aos problemas do mundo profesional (docencia, asesoramento e mediación lingüística, tradución, lexicografía, planificación lingüística.
C10	Capacidade no manexo das diferentes tecnoloxías lingüísticas que conforman a actual sociedade do coñecemento: dicionarios electrónicos, correctores e tradutores automáticos, e sistemas de aprendizaxe de lingua asistida por ordenador.
D4	Desenvolvemento para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

D5	Comprensión da importancia da cultura emprendedora e coñecemento dos medios ao alcance das persoas emprendedoras.
D6	Valoración crítica do coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
D7	Asunción, como profesional e como cidadán/a, da importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
D8	Valoración da importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Saber elaborar documentación específica: textos científicos, textos técnicos, textos publicitarios, textos xurídicos, etc	A1 A2 A3 A4 A5 B1 B2 C7 C10 D5 D6 D7
Coñecer a linguaxe específica de diferentes ámbitos profesionais.	A1 A2 A5 B1 B2 B5 C10 D6 D7 D8
Ser capaz de analizar e investigar os mecanismos dos procesos de comunicación.	A1 A2 A3 A4 A5 B1 B2 B3 B4 B5 C7 C10 D4 D5 D6 D7 D8

Contidos

Tema	
1. A mediación na tradución: cuestións básicas	1.1. ¿Que é realmente a tradución? Concepto e definición de tradución 1.2. ¿Teorías da tradución? A reflexión teórica e enfoques principais 1.3. ¿Sempre é posible traducir? Posibilidades, límites e equivalencia en tradución
2. Análise diacrónica de mediación en contextos determinados: exemplos no ámbito hispánico	2.1. Escola de tradutores de Toledo: importancia da tradución na consolidación das linguas 2.2. América: os intérpretes e o encontro co outro 2.3. Antonio Nariño: A tradución como rebelión

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	11	0	11
Resolución de problemas	0	20	20

Estudo previo	0	15	15
Traballo tutelado	0	10	10
Presentación	4	5	9
Traballo tutelado	0	10	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte da docente dos contidos cada un dos temas da materia. Aclararanse as cuestións centrais e orientarase ao alumnado sobre os aspectos fundamentais e secundarios.
Resolución de problemas	Exercicios breves de aplicación/comprobación de contidos conceptuais. Realizaranse durante o período de sesións de clase. Consistirán en: 1) unha serie de exercicios breves que os estudantes prepararán previamente para a súa presentación nas clases 2) un conxunto de preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (si/non, verdadeiro falso...).
Estudo previo	O alumnado deberá revisar as cuestións que se van abordando nas leccións maxistras para poder realizar os exercicios/actividades e traballos
Traballo tutelado	Conxunto de actividades máis extensas sobre os temas abordados na materia. Realizaranse ao terminar as sesións clases. Indicarase a data concreta de entrega nas sesións iniciais.
Presentación	O alumnado deberá expor unha serie de aspectos concretos da materia vinculados cos exercicios realizados, lecturas ou outras actividades que se poidan propor.
Traballo tutelado	

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	As diferentes actividades propostas implican unha atención personalizada que se realiza nas sesións presenciais. Para facilitar o seguimento do curso, utilizarase a plataforma Moovi https://moovi.uvigo A docente tratará de sistematizar as dúbidas, as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo de maneira que se garanta o acceso á información e ao ensino/aprendizaxe.
Traballo tutelado	As diferentes actividades propostas implican unha atención personalizada que se realiza nas sesións presenciais. Para facilitar o seguimento do curso, utilizarase a plataforma Moovi https://moovi.uvigo A docente tratará de sistematizar as dúbidas, as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo de maneira que se garanta o acceso á información e ao ensino/aprendizaxe.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas	Exercicios breves de aplicación/comprobación de contidos conceptuais realizados durante o período de sesións de clase. Consistirán en: 1) a realización unha serie de exercicios breves que os estudantes prepararán previamente para a súa presentación nas clases y/o 2) un conxunto de preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (si/non, verdadeiro falso...). Nas clases indicaranse as datas concretas de realización.	20	A1 B1 C7 A2 B2 C10 A3 B3 A4
Traballo tutelado	Temas parte 1: Conxunto de actividades máis extensas sobre as cuestións abordadas na primeira parte do temario que haberá que entregar despois do período de docencia (indicarase a data concreta nas clases).	35	A1 B1 C7 D4 A2 B2 C10 D6 A3 B3 D7 A4 B4 D8 A5 B5
Presentación	Exposicións sobre unha serie de aspectos concretos da materia vinculados cos exercicios realizados, lecturas ou outras actividades que se poidan propor (preparación debates...). Indicarase as datas concretas de realización nas clases.	10	A1 B1 C7 D4 A2 B2 D6 A3 B5 D8 A4
Traballo tutelado	Temas parte 2: Conxunto de actividades máis extensas sobre as cuestións abordadas na segunda parte do temario que haberá que entregar despois do período de docencia (indicarase a data concreta nas clases).	35	A1 B1 C7 D4 A2 B2 C10 D5 A3 B3 D6 A4 B4 D7 A5 B5 D8

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación realizarase en español ou galego (de acordo coa elección do/da estudante).

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais da materia a través da plataforma Moovi , estar ao corrente de todo

o que se traballe na mesma, así como de avisos, datas de entrega de traballos, etc.

Esta materia é de avaliación continua para o alumnado que asiste regularmente ás clases.

Os estudantes con dispensa de asistencia, deben porse en contacto coa docente na primeira semana do curso. Terán dereito a avaliación continua. A súa avaliación incluírá resolución de problemas (20%), traballo tutelado (temas parte 1: 40%) e traballo tutelado (temas parte 2: 40%).

Primeira edición de actas (decembro-xaneiro): Nas sesións presenciais precisaránse as características das probas avaliábeis previstas, as datas de entrega e o sistema de entrega (subir a Moovi). Se indican tamén na documentación que figura en Moovi (carpeta: Presentación).

****NOTA para todos/as estudantes**: para poder ser avaliado/a, hai que realizar e entregar tódalas probas avaliábeis previstas na mesma edición de actas. Non se pode entregar na 1ª ed. de actas unha parte e na 2ª ed. de actas outra. En caso de non facelo como se indica, na acta figurará NP.

Segunda edición de actas (xuño-xullo): Os/as estudantes que non superen a materia na 1ª ed. de actas ou que non se presenten na 1ª convocatoria, poden facelo na 2ª edición de actas. A avaliación incluírá as seguintes probas: traballo tutelado (temas parte 1: 50%) y traballo tutelado (temas parte 2: 50%). Na documentación que figura en Moovi (carpeta: Presentación) indícanse as datas de entrega o sistema de entrega (subir a Moovi) das probas previstas.

****NOTA**: para poder ser avaliado/a, hai que realizar e entregar tódalas probas avaliábeis previstas. En caso de non facelo como se indica, na acta figurará NP.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

BAKER. M. Y G. SALDANHA, **Routledge Encyclopedia of Translation Studies**, Londres/Nueva York: Routledge (2ª ed).,

BAKER. M., **Critical Readings in Translation Studies**, Londres/Nueva York: routledge.,

BASSNETT-MCGUIRE, S., **Translation Studies**, Londres/Nueva York: Routledge (ed. revisada),

GAMBIER, Y. Y L. VAN DOORSLAER (EDS), **Handbook of Translation Studies: Volume 1**, Amsterdam/Filadelfia: John Benjamins,

GAMBIER, Y. Y L. VAN DOORSLAER (EDS)., **Handbook of Translation Studies: Volume 2**, Amsterdam/Filadelfia: John Benjamins,

HURTADO ALBIR, A., **Traducción y Traductología**, Madrid: Cátedra,

KIRALY, D.C., **A Social Constructivist Approach to Translator Education**, Manchester: St. Jerome,

MALMKJAER K. Y K. WINDLE (EDS), **The Oxford handbook of translation studies.**, Oxford: Oxford University Press,

MUNDAY, J., **Introducing Translation Studies Theories and Applications**, Londres: Routledge (3ª ed).,

PYM, A., **Exploring Translation Theorie**, Londres: Routledge,

ROBINSON, D., **Becoming a translator. An Introduction to the Theory and Practice of Translation**, Londres/NuevaYork: Routledge (3ª ed),

SÁNCHEZ TRIGO, E., **Teoría de la traducción: convergencias y divergencias**, Vigo: Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo.,

SNELL-HORNBY, M., **The turns of Translation Studies**, Amsterdam/Filadelfia: John Benjamins.,

STEINER, G., **Después de Babel. Aspectos del lenguaje y de la traducción (trad. Adolfo Castañón)**, México: Fondo de Cultura Económica,

VENUTTI, L., **Translation Changes Everything. Theory and Practice**, Londres/Nueva York: Routledge,

Recomendacións

Outros comentarios

A organización do curso e o uso da rede facilitará o seguimento non presencial dos contidos e das actividades propostas na materia. Os contidos do curso e as diferentes achegas que se vaian facendo por parte dos estudantes estarán dispoñibles na plataforma docente *MOOVI (<http://moovi.uvigo.es>) a que terán acceso os estudantes matriculados na materia.

De acordo coa normativa da *Uvigo con respecto á avaliación de traballos: si detéctase que estes (ou algunha dos seus partes) son plaxios ou que non son de autoría propia, a cualificación dos mesmos será 0. Alegar descoñecemento destas cuestións non eximirá ao alumnado de responsabilidade en relación coas mesmas.